

PLAN DE ENSINO VIRTUAL DE 1º DE PRIMARIA

No caso de confinamento parcial ou total dalgunha das clases de 1º de primaria o proceso de ensinanza farase do seguinte xeito:

Organización:

- Seguirase co mesmo horario que tiñamos nas clases presenciais. O 60% de cada sesión farase con conexión e o 40% deixarase para o traballo do alumnado.
- O acceso ao material farase a través da aula virtual Santillana ou, de ser o caso, do correo de aula ou da páxina web do centro (libros de texto e actividades).
- As clases online serán a través de Webex (a asistencia será obrigatoria).
- As comunicacións escritas faranse a través do correo electrónico ou do programa Abalar móbil.
- As actividades a facer publicaranse semanalmente na páxina web do centro (alumnado/1ºEd.Primaria) ou comunicaranse a través das sesións online.
- As titorías coas familias seguirán sendo os luns pola tarde por teléfono ou videoconferencia (webex).
- As titorías co alumnado serán os luns pola mañá por teléfono ou videoconferencia (webex).
 - ✓ 1ºA: de 10:30 a 11:20.
 - ✓ 1ºB: de 11:20 a 12:10.

Reforzos:

- Manteranse os reforzos establecidos a principio de curso cos mestres de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe (os alumnos con reforzos terán clases online particulares con ditos mestres, aos cales avisaremos con antelación).

Recursos dixitais:

- Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena>
- Aula virtual Santillana: accederase co nome de usuario e contrasinal proporcionado a cada familia. <https://aulavirtual.santillana.es/av3online/login>
- Webex: programaranse as conexións, de maneira que cada familia recibirá unha convocatoria que recolla a ligazón a través da cal se deben conectar.
- Correo de 1º A: claseprofeEva@gmail.com
- Correo de 1º B: rafacid.cova@gmail.com